


A ORIXE DOS NOMES DOS ELEMENTOS QUÍMICOS

A etimoloxía dos nomes dos elementos químicos é moi variada e tamén moi interesante. O nome dun elemento pode indicarnos algunha das súas características ou propiedades. Poderíamos revisalos todos, 111 en total, pero sería quizais demasiado extenso e lioso. Así que citaremos algúns exemplos e mergullarémonos un pouquiño máis a fondo naqueles que teñen relación coa mitoloxía xa que os mitos son como contos cos que os gregos e romanos explicaban todo o que lles ocorría baseándose nos seus deuses e heroes. **E... a quen non lle gustan os contos???????**

En ocasións o nome dun elemento rende homenaxe a algún *científico/a* importante. Vexamos como exemplos o **FERMIO**, en honor de Enrico Fermi, físico italiano de principios do século XIX , impulsor do primeiro reactor nuclear de fisión e polo tanto da enerxía nuclear; e tamén temos, entre moitos outros, o **MEITNERIO**, elemento artificial, sintetizado por primeira vez no 1982 e que debe o seu nome a Lise Meitner, matemática e física xudía.



<http://www.satirewire.com/news/may02/images/fermi.jpg>

<http://es.wikipedia.org/wiki/Meitnerio>

Atopamos outro grupo que fai referencia a *lugares xeográficos*, normalmente o país ou cidade do seu descubridor/a, como exemplo:

O **HOLMIO**, de número atómico 67, que debe o seu nome á palabra latina Holmia, que significa Estocolmo, cidade natal do seu descubridor o químico Per T. Cleve.



O **POLONIO**, en clara alusión ao país de nacemento da súa descubridora, Marie Curie, a única muller que recibiu dous premios Nobel.


http://www.windows.ucar.edu/tour/link=/people/modern_era/curie.sp.html&edu=high

<http://www.jergym.hiedu.cz/~canovm/objevite/objev/cle.htm>


Hainos con nomes que aluden á *cor do elemento* e con raíces etimolóxicas do latín (**CESIO** = Caesius que significa azul claro, ou **RUBIDIO** = Rubidus, que quere dicir vermello) ou con raíz grega (**CLORO**= χλωρός, de cor amarela verdosa ou **iodo** = ιοειδης que significa violáceo).



I



Cl



Cs

E tamén con raíz latina ou grega temos nomes que describen as *propiedades* dos elementos, como **FLUOR**, do latín Fluere que significa fluír ou **OSÍXENO** do grego ὀξύς-γενος que quere dicir "formador de ácidos".

<http://www.uclm.es/profesorado/afantinolo/Docencia/Inorganica/Tema6/material.htm>

<http://www.lenntech.com/espanol/tabla-peiodica/Cs.htm>

http://intercentres.cult.gva.es/ieselclot/html/departaments/fisicayquimica/quimica/pagina_elementos.htm

E xa entrando no terreo dos mitos, no sistema periódico hai elementos cuxos nomes fan referencia a *astros ou corpos celestes*, que á súa vez derivan de *personaxes mitolóxicos*.



Plutón, de Agostino Carracci

PLUTONIO, en honor ao planeta Plutón, cuxo nome ven do deus do inferno, Hades na mitoloxía grega, irmán de Zeus.



Os cabalos de Helios

HELIO, de Helios, o sol, deus da xeneración dos Titáns, mozo de dourada cabeleira que percorre ceo nun carro tirado por catro veloces corceis.

SELENIO, de Selene, a Lúa, a quen se representa como unha nova e bela muller que percorre o ceo nun carro de prata guiado por dous cabalos.



Selene e Endimion, de Nicolás Poussin

<http://www.wga.hu/frames-e.html?/html/p/poussin/1/10selene.html>
<http://thanasis.com/helios.htm>
<http://eduteka.org/proyectos/psique/pags3/p10s.htm>



CERIO que debe o seu nome ao asteroide Ceres, descuberto no ano 1801, dous anos antes que o propio elemento. O nome de Ceres débese á divindade da terra cultivada. A súa filla Perséfone foi raptada por Hades (o deus do inferno, de Plutón), pero cada primavera fuxe do mundo subterráneo e pasa coa súa nai a metade do ano cando a terra é fértil. No inverno, volve ao inferno e a terra quédase estéril.



URANIO, do planeta Urano, e este de Urano, personificación do ceo e marido de Gea, coa que tivo moitos fillos, entre eles os Titáns e os Cíclopes



La mutilación de Urano por Saturno, de [Giorgio Vasari](#)

<http://www.orionsarm.com/historical/Ceres.html>
<http://www.licares.org/potpourri/Ceres/Ceres.htm>
[http://es.wikipedia.org/wiki/Urano_\(mitolog%C3%ADa\)](http://es.wikipedia.org/wiki/Urano_(mitolog%C3%ADa))
<http://www.cosmopediaonline.com/urano.html>



FÓSFORO, do grego phosphoros, "que trae a luz". Aplícaselle este nome ao planeta Venus, que toma o seu nome de Venus ou Afrodita, deusa da beleza e



do amor.



O nacemento de Venus de Boticelli

PALADIO, do asteroide Pallas e este de Pallas Athenea, filla de Zeus, a irmá de Hades e deusa guerreira da sabedoría que se simboliza por unha curuxa, cuxo nome científico é



Athene Noctua.



E son tamén coma contos de nenos os

personaxes mitolóxicos que dan nome a outro

grupo de elementos, entre eles:



A morte dos fillos de Niobe, por A. Bloemaert

NIOBIO, de Niobe: O elemento recibe ese nome porque se pensou que derivaba do Tántalio, cuxo nome de Tántalo, pai de Niobe. Casada con Anfión, tivo sete fillos e sete fillas e no seu orgullo ofendeu a Leto, que só tiña un fillo e unha filla.

A deusa para vengarse mandou a Apolo e a Diana que matara coas súas frechas a tódolos seus fillos, menos a unha que, aterrorizada, volveuse pálida, adoptando dende aquela o nome de Cloris (amarela). Niobe, vendo aos seus fillos mortos, quedou inmóbil e rematou por volverse de pedra.

TITANIO, de Titanes: Fillos de Urano e Gea, pertencen á primeira xeneración divina. O máis novo é Crono do que nacerán tódolos deuses do Olimpo. O titanio é moi resistente aos axentes corrosivos, calidade á que pode deber o seu nome.



A caída dos Titáns de Rubens



Cadmo na busca da súa irmá de Jordaens

CADMIO, de Cadmo: Fillo de Agenor, quen o enviou na busca da súa irmá Europa despois de ser raptada. O oráculo de Delfos ordénalle abandonar a busca e fundar Tebas. Despois ten que matar ao dragón de Ares e por consello de Atenea sementa o seus dentes, dos que naceron os "spartoi", homes armados. Del dicíase que lles aprendera aos gregos o alfabeto e a obtención dos metais.

<http://www.uco.es/~ca1lamag/Galerias/Teogonia.htm>
<http://www.artehistoria.jcyl.es/genios/museos/gal1-6.htm>



Prometeo de Rubens

PROMECIO, de Prometeo: Fillo dun Titán, primo de Zeus, ao que enganou roubando o lume da forxa de Vulcano para entregarllo aos homes. Zeus castigouno, encadeándoo a unha rocha do Cáucaso, onde unha aguia devoráballe as entrañas. O elemento recibe ese nome, quizais, porque a súa dureza pode producir lume por frotación.

TANTALIO, de Tántalo: Fillo de Zeus e pai de Niobe. Foi castigado por roubar néctar e ambrosía aos deuses para darllo aos mortais, a pasar fame e sede eternas, mergullado ata o colo na auga que retrocedía sempre que el intentaba bebela. É posible que reciba o nome porque non é atacado polos ácidos nos que se mergulla.



<http://www.xtec.es/~gluri/webdise%F1o/lectiouno.htm>
<http://www.consciencia.org/materialanderson1.shtml>

THORIO, de Thor: Deus da guerra e do trono.

Viaxa nunca carreta tirada por dous machos
cabríos voadores, estes monstros son tan
grandes que arrasan a terra alá por onde pasan.

Curiosamente poden ser asados e comidos por
el e despois devoltos á vida en caso de
necesidade. A máis famosa das posesións de
Thor é o seu martelo máxico, que ao ser
lanzado sobre algo volve máxicamente ao seu dono



*Thor na batalla contra os
xigantes, Mårten Eskil Winge*



VANADIO, de Vanadis: Deusa escandinava
da beleza, do amor, das profecías, da maxia,
da sexualidade e da luxuria. É esposa de Od,
quen acostuma abandonala por moito tempo, e
po riso ela chora bágoas vermellas. Monta un
carro arrastrado por dous gatos salvaxes.
Como distribuidora das chuvias de verán,
viaxa sobre a Terra cun manto máxico de
plumas de águia que lle permite voar
convertida en paxaro.

[http://es.wikipedia.org/wiki/Thor_\(mitolog%C3%ADa\)](http://es.wikipedia.org/wiki/Thor_(mitolog%C3%ADa))
<http://es.wikipedia.org/wiki/Vanadis>